AXENCIA
GALEGA DE
INNOVACIÓN

Doutoramentos Industriais 2022 - IN606D

Documentación a presentar na **sexta xustificación**.
Data límite: **30 de maio de 2025**

- Modelo de solicitude de pagamento.

- Documentación acreditativa de atoparse ao día nas súas obrigacións tributarias estatais, autonómicas e coa Seguridade Social **só no caso de denegar expresamente ou opoñerse á consulta por parte de GAIN.**

- Certificado de dedicación exclusiva ao proxecto asinado pola persoa investigadora e pola persoa directora ou codirectora da tese durante o período de xustificación.

- Certificado asinado pola entidade onde conste a permanencia efectiva e a dedicación exclusiva da persoa investigadora ao programa.

- Xustificación económica dos custos incurridos dende **outubro de 2024 ata marzo de 2025, ambos incluídos:**

  Custos de persoal

  – Copia das **nóminas** aboadas ao persoal de alta cualificación contratado e **xustificantes** bancarios que acrediten o seu pagamento.
  – Impresos liquidación nominal do **IRPF (modelos 111**) e **xustificantes bancarios** que acrediten o seu pagamento.

  Custos do proxecto

  Para facilitar a identificación dos gastos a xustificar, achégase coa documentación da xustificación unha folla de cálculo en formato ods e xlsx.

  Gastos elexibles:

  1. **Gastos de viaxe e axudas de custo** da persoa doutoranda para a actividade obxecto da axuda, sempre que a contía non exceda o 20 % da axuda debidamente xustificada anualmente.

  2. **Pequeno equipamento inventariable e material funxible.**

  3. Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como **aplicacións informáticas, bases de datos**, etc.

  4. Gastos de **servizos tecnolóxicos externos** relacionados co proxecto de doutoramento industrial.

  Xustificaranse a través de:

  – Copias das **facturas** e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa.

– Documentación **do pagamento das facturas**: transferencias bancarias, certificacións bancarias, extractos bancarios ou documentos obtidos a través da banca electrónica. Deberán

estar claramente identificados emisor e receptor do pagamento, concepto e importe (ive incluido).

No caso en que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento.

No caso en que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, achegarase unha relación detallada destas en que se poida apreciar que o pagamento se corresponde coas devanditas facturas. No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, será necesario achegar o correspondente extracto bancario acompañado da orde de pagamento da empresa selada polo banco coa relación detallada das facturas.

En ningún caso se admitirán pagamentos xustificados mediante recibos do provedor, nin os pagamentos por caixa ou en efectivo.